



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Función titorial e orientación académica		Código	652610002
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Pérez Crego, María Cristina	Correo electrónico	cristina.pcrego@udc.es	
Profesorado	Pérez Crego, María Cristina	Correo electrónico	cristina.pcrego@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Esta materia aborda a orixe e os principios da orientación e da titoría, así como as funcións e as actividades titoriais a desempeñar, xunto cas situacións específicas da titoría. Así mesmo, ofrece mecanismos e estratexias para a planificación da acción titorial.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Distinguir e aplicar os diferentes recursos e estratexias para a acción titorial.	AP5 AP7 AP9 AP12 AP26 AP30 AP34	CP1 CP3 CP4 CP7
Transferir o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse, aplicando os principios éticos á práctica profesional e persoal	AP26 AP34	CP1 CP3 CP4 CP7
Participar no deseño, implantación, seguimento e avaliación do plan de acción titorial (PAT) do centro, poñendo en práctica as competencias sociais para traballar en equipo e salvaguardar os obstáculos que vaian xurdindo	AP7 AP9 AP34	CP1 CP3 CP4 CP7
Enumarar as funcións do tutor en relación ao alumnado, familias e resto do profesorado e analizar o que isto conleva.	AP5 AP10 AP37	CP1 CP4 CP7
Definir a orientación e a titoría e as súas relacións, así como describir e identificar o modelo institucional galego de orientación.	AP5 AP9 AP10 AP37	CP1 CP3 CP7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tutoría e orientación	Aproximación conceptual e relacións



O modelo institucional galego de orientación	Aspectos organizativos e funcionais dos servicios de orientación
Funcións e actividades titoriais	<ul style="list-style-type: none"> * Cos estudiantes * Coas familias * Cos compañeiros
Planificación da acción titorial	O Plan de Acción Titorial (PAT)
A titoría en situaciones específicas	<ul style="list-style-type: none"> * No módulo de formación en centros de trabajo. * Nos programas de cualificación profesional inicial. * Nos programas de diversificación curricular.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Portafolios do alumno	A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7	5	3	8
Sesión maxistral	A5 A7 A9 A10 A30 A34 C4	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	A7 C1 C3 C4	5	8	13
Simulación	A7 A12 A34 C1 C3 C4 C7	3	11	14
Análise de fontes documentais	A5 A30 A37	1	8	9
Proba mixta	A7 A10 A30 C7	2	0	2
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Portafolios do alumno	<p>É un cartafol ou archivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que permite visualizar o progreso do alumno.</p> <p>O portafolio ou cartafol inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntamentos ou notas de clases, traballos de investigación, guías de trabalho e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, probas escritas, autoevaluaciones, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.</p>
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción dalgunhas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Aprendizaxe colaborativa	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e o dos outros membros do grupo.</p>
Simulación	<p>Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Exponse ao alumnado ante condicións hipotéticas nas que se pon a proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase polo tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizarlas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p>



Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese emplegar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como sínteses de contidos de carácter teórico ou práctico.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En tanto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en tanto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Simulación Portafolios do alumno	Se precisará un seguimento persoal do traballo desenrolado no marco do portafolios xa que será unha peza clave na avaliación final. Así mesmo, se traballará de xeito directo cos pequenos grupos que se formen para desenvolver os traballos propostos. Como mecanismos de atención personalizada ao alumnado, se empregarán preferentemente o Campus Virtual e a plataforma de teleformación Microsoft Teams O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de tutorías, para aclarar dúbihdas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Simulación	A7 A12 A34 C1 C3 C4 C7	Consistirá na representación do traballo realizado na aula	20
Proba mixta	A7 A10 A30 C7	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En tanto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en tanto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de respuesta múltiple, de ordenación, de respuesta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.	30
Portafolios do alumno	A5 A7 A9 A10 A26 C1 C3 C4 C7	No que se recollerá a actividade realizada, a súa avaliación; así coma as reflexións xeradas no grupo. Ademais cada estudante deberá facer unha avaliación individual da materia e o traballo realizado nela.	50

Observacións avaliación

ALUMNADO ASISTENTE

Para que os estudiantes podan ser avaliados segundo a planificación anterior, deben ter unha asistencia ás sesións interactivas, do 80%.

Para superar a materia é obrigatorio aprobar todas as metodoloxías availables:

Na proba mixta é preciso ter a lo menos o 50% da puntuación otorgada á mesma.

No portafolios grupal tamén é necesario acadar como mínimo o 50% da calificación otorgada. No portafolios, a avaliación pode ser diferente para cada integrante do grupo xa que estará supeditada ao grao de implicación amosado por cada persoa e a cumplimentación dos apartados que teñan carácter individual.

Na Simulación é obrigatorio acadar polo menos o 50% da calificación. Deberán participar todos/as os/as integrantes do grupo para poder ser avaliados/as.

No caso de non aprobar unha das metodoloxías, a cualificación final da materia será como máximo de 4 puntos.

ALUMNADO CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL (DISPENSA ACADÉMICA)

O alumnado que teña recoñecida a dispensa de asistencia pola Comisión Académica do título poderá acollerse á modalidade de avaliación continua ou optar por asistir ao exame final realizando unha proba similar á do alumnado non asistente.

Segundo o establecido na " NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017):

1.

Deberá poñelo en coñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non fuera posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento.

2.

Terán que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente. Se non se cumpre a entrega na data sinalada considerarase unha cualificación de non presentado na materia.

3.

A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar alguma das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba).

ALUMNADO NON ASISTENTE (non asiste como mínimo o 80% das aulas)

Neste caso a avaliación consistirá nunha proba de carácter mixto:

1)

Un exame tipo test que terá un peso na
avalación final do 40%

2)

Unha parte de preguntas de resposta breve que terá
un peso do 60%. É preciso ter superado o 50% en cada unha das partes para poder
sumar as puntuacións obtidas e aprobar a asignatura.

A segunda oportunidade estará sometida aos mesmos
criterios de avaliación que a primeira oportunidade.

Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as
capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é
primordial e obligatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e
puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como
condición imprescindible para superar a materia.

Considerarase

como ?Non presentado? (NP) aquel estudiante que, estando matriculado na materia,
non concorrese ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o
curso académico. Considerarase que deberá ser cualificado como ?Non
presentado?: a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas
condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do
período oficial de avaliación.

Ante a detección de conductas

inadequadas realizadas polo alumnado no eido académico, no Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC se
establece a:

Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a
falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudiante
será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria
correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se
produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a
modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose
necesario.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Anaya Nieto, D. y Suárez Riveiro, J.M. (2010). Evaluación de la satisfacción del profesorado.. REOP, 21 (2), 283-294- Blanchard Giménez, M. (1997). Plan de acción tutorial en la E.S.O. Narcea- Comellas, M.J (2002). Las competencias del profesorado para la acción tutorial. Praxis- González-Benito, A. y Vélaz-de-Medrano, C. (Ed.) (2014). La acción tutorial en el sistema escolar.. UNED- Grañeras, M. y Parras, A. (2008). Orientación Educativa: fundamentos teóricos, modelos institucionales y nuevas perspectivas. CIDE- Martín, E. y Mauri, T. (2011). Orientación Educativa. Atención a la diversidad y educación I . Graó- Martín, E. y Onrubia, J.(Coords.) (2011). Orientación educativa: procesos de innovación y mejora de la enseñanza. Graó- Martín, E. y Solé, I. (Coords.) (2011). Orientación Educativa. Modelos y estrategias de intervención. Graó- Monge Crespo, C. (2009). Tutoría y orientación educativa. Wolters Kluwer- Repetto Talavera, E. (2001). Tu futuro Profesional.(Una planificación de la Tutoría para cada etapa educativa de 10-18 años).. Ed CEPE. Libro del Profesor y Libro del alumno.- Rodicio García, M.L. (2009). La función tutorial y la formación profesional en las instituciones laborales. Biblioteca Nueva- Rodicio García, M.L. (2012). Diseño y evaluación de programas de orientación educativa. Biblioteca Nueva- Sobrado, L., Fernández, E. y Rodicio, M.L. (2012). Orientación Educativa. Nuevas perspectivas. Biblioteca Nueva- Uruñuela, P.M. (2016). Trabajar la convivencia en los centros educativos. Una mirada al bosque de la convivencia.. Narcea
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Santana, L. E. e Feliciano, L. A. (2006). La construcción de la acción tutorial desde las coordenadas de la investigación colaborativa. Revista de Educación, 340, 943-971.

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

O envío de traballos se realizará mediante plataformas virtuais.

Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de

impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados

cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e
profesionais.

Atenderase á diversidade para facer as adaptacións oportunas a esta

guía tanto si son suxeridas pola ADI como se son consideradas necesarias
por parte das profesoras.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar,
salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración
de guías